

APRENDIZAXE-SERVIZO EN EDUCACIÓN SOCIAL

EN COLABORACIÓN coa Rede Acampa, exploramos a dicotomía “odio ou convivencia” nun proxecto de aprendizaxe-servizo realizado no marco de dúas materias de 3º curso do Grao en Educación Social: Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables e Recursos e estratexias de intervención no tempo libre.

PARTICIPARON 72 alumnas e alumnos e 14 entidades: Accem, Alas A Coruña, BoanoiTe, Cruz Vermella, Entreculturas, Depor Genuine, Ecos do Sur, Fundación Adcor, Fundación Érguete-Integración, Fundación Hogar Santa Lucía, Fundación Secretariado Xitano, Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos, SenValos, SOS Racismo.

A todas e todos, o noso agradecemento!



Mesa redonda con Acampa e Ecos do Sur para formarnos sobre discursos de odio



Identificación, recompilación e análise de discursos de odio



Elaboración das cartografías corporais e relatos individuais



Posta en común e construción dunha cartografía e relato colectivo



Planificación dun obradoiro de cartografía con persoas vulnerables. Contacto coas entidades, presentación e mellora das propostas



Realización dos obradoiros, rexistro e informe final do resultado cartográfico, relato e narración das aprendizaxes

Cartografías realizadas nas entidades sociais

ODIO SETEMBRO—DECEMBRO 2022

CONVIVENCIA MARZO-MAIO 2023

1

Primeiro encontro coa entidade. Dirixido a explorar o marco de actuación social e institucional

2

Elaboración do informe: necesidades do colectivo, realidade da súa garantía do dereito ao lecer

3

Deseño do borrador da proposta educativa e presentación á entidade. Adaptación e mellora

4

Aplicación da proposta. Rexistro e reflexión sobre a mesma

5

Encontro e avaliación da experiencia e da nosa actuación co persoal da entidade

6

Presentación da proposta e resultados de aprendizaxe derivados, na sesión de clase

Nos paneis que seguen recóllese o relato colectivo construído a partir das voces de alumnado e persoas participantes nas entidades sociais

